

LA VOZ DE GALICIA  
21/04/2009

ENTREVISTA | MILLÁN PICOUTO  
DRAMATURGO E POETA

## «As miñas obras escribíense para representarse»

Catro traxedias e unha comedia, todas en verso, dan vida a última obra de Millán Picouto

Javier Romero

OURENSE | Presenta en Ourense mañá a última entrega da súa obra dramaturxica, *Ciclo de Xúpiter*. Un volume que completa as anteriores entregas; *Ciclo de Venus*, *Ciclo de Mercurio*, *Ciclo de Terra* e *Ciclo de Marte*, e que confesa que esconde un profundo estudo previo ao que se engadiu o talento creativo do autor.

—O *Ciclo de Xúpiter* é o último libro publicado nesta edición das *Obras dramáticas completas* e presentase por primeira vez, sendo Ourense o lugar escollido.

—¿Cal é a trama de «O ciclo de Xúpiter»?


—É un conxunto de traxedias e comedias que versan case todas elas na actividade clásica e que se titulan *Péricles e Aspasia*, *Vercinxetórix*, *Príncipe das Galias*, *Xulio Cesar* e *Zenobia*, *raíña de Palmira*, traxedias todas elas as que se engada a comedia tamén dramática *Lánser e Ingrid*, que a diferenza do resto que se desenvolve na actividade clásica, ten lugar en Islandia durante a época viquinga.

—¿Cal é o formato narrativo?

—Son todas as obras de teatro en verso repartidas en cinco actos e cun gran desenvolvemento escénico e numerosos personaxes.

—¿Son factibles de representar todas?

—Son factibles de representar e escribíense para representar, ben é certo que necesitase un esforzo de representación xa que é un teatro moi



Millán Picouto presenta mañá na librería Torga e seu libro | MIGUEL VILLAR

representable pero que require unha boa recitación, ademias dun coro en todas elas tal e como era común no teatro clásico grego, onde cada remata cun canto e unha danza formado con música coral e instrumental.

—¿Cal é a fonte de inspiración destas obras?

—En todas estas pezas están os escritores clásicos. Por exemplo, el historiador grego Tucídides é unha referencia constante da que me valgo, sobre todo da súa historia da guerra de Peloponeso, da que deixou unha narración do conflito que mantiveron Atenas e Esparta e que se presta a realizar unha traxedia.

—¿E o resto das obras?

—Unha delas deriva dos comentarios das guerras das galias de Julio Cesar, que aparece de personaxe como autor das fontes nas que eu me vazo para realizar esta obra. De todas as formas, inda que as fontes están presentes, unha cousa é a fonte e outro o desenvolvemento dramático que as veces non segue as fontes.

—¿Foi moi grande o traballo de documentación?

—Naturalmente. Eu uso todo o que está na fonte pero logo hai que completala. É dicir, eu teño que imaxinar como era a xente, o escenario e hai que dotalo dunha alma, algo que é unha función da poesía que fai o autor dramático na súa intimidade.

FARO DE VIGO

07/12/2008

## Millán Picouto presenta a quinta entrega da súa obra dramática, "Ciclo de Xúpiter"

O protagonista do volume preside o ciclo central do poeta, ocupado con figuras da antigüidade clásica

REDACCIÓN ■ Ourense

Edicións Linteo acaba de sacar a rúa a quinta entrega da edición completa da obra dramática de Millán Picouto, *Ciclo de Xúpiter*, despois da publicación de *Ciclo de Venus* (2001), *Ciclo de Mercurio* (2002), *Ciclo da Terra* (2006) e *Ciclo de Marte* (2007), premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Consta de volumes integrados por traxedias e comedias que se agrupan en ciclos planetarios como partes orgánicas dun vasto edificio teatral insólito nas letras galegas.

A devolución da palabra poética ao escenario, a recuperación desde Galicia, e á altura dos tempos, dos mellores modos da tradición teatral europea, coa súa autonomía verbal, a incorporación da tradición musical galega, reelaborada, ao teatro, son designios que alentan en toda a produción dramática do

### Edicións do Castro publicou a lírica completa de Millán Picouto


autor.

As primeiras edicións de *María Soliña* e *Prisciliano en Trévaris*, de 1994 e 1995 respectivamente, apareceron con texto e música vocal e instrumental, e en 1997 o libro de partituras vocais progresivas *Escola Coral de Poesía e de Música* recollida e desenvolvida con intencións didácticas e modos e recursos contemporáneos, o espírito e as formas principais da tradición musical galega.

En *Obra lírica completa* (Edicións do Castro, 2000), reuniu a

poesía que publicara desde *Sonetos da lúa chea* (1980).

Deus do ceo e mais planeta maior, nume da cidade e das asembleas populares, patrón do Estado e gran potencia tutelar do Imperio, Xúpiter preside o ciclo central do poeta, ocupado con momentos e figuras principais do poder político da antigüidade clásica, que no volume se desenvolven con exuberancia transitando por varios escenarios viventes. Tal é o marco das traxedias Pércles e Aspasia, Vercinxetórix, Príncipe de Galia, Xulio César e Zenobia, Raíña de Palmira. A comedia dramática Lánser e Ingrid, afastándose do Mediterráneo e da historia clausura o conxunto.



Manuel Ramos con Millán Picouto. // I. Osorio

## El Correo Gallego.es

OS OUTROS DÍAS

### Milagre da creación compartida

20.12.2008

ALFREDO CONDE ESCRITOR, PREMIO NADAL E NACIONAL DE LITERATURA

Millán Picouto lévanos entregado o Ciclo de Venus, no 2001; o Ciclo de Mercurio, no 2002; o Ciclo da Terra, no 2006; o Ciclo de Marte, no 2007, e, agora, tamén a través da Colección Aberta de Edicións Linteo, ofrécenos o Ciclo de Xúpiter.

A constatación desto do que lles acabo de deixar constancia prodúcese un respecto cáseque reverencial. Acaso estea debido este respecto á consideración que teño do meu propio oficio de escritor como algo que debe estar abeirado ó traballo constante, a unha constante acceso que, no millor dos casos, pasada a purgatio, chegue á iluminatio e, nos máis sobranceiros e xeniais, produza a unión mística co lector; é dicir, o milagre da creación compartida.

Polo que levo lido, e conste que levo bastante, esa vía unitiva, a que conleva unha comunión sacramental e plea, prodúcese nalgún momento poético; millor dito, é posible coa lectura dun verso que nos ilumina; pero tamén dunha frase ciscada nalgunha novela ou nalgún texto teatral, pois nen sequera o espazo dun poema é quen de o abranguer por enteiro. Se o fora levitaríamos ó lelo e agora andaríamos a falar de relixión e non de literatura

As citadas cinco entregas dramáticas de Millán Picouto significan, según eu entendo, a consagración dunha vida entregada á paixón literaria e mailo amor a unha lingua expresada do xeito máis nobre que se coñece, cal é o do seu cultivo.

Como este país é como é, e nós somos como somos, descoñezo, aínda que ma imaxino, a valoración que colectivamente se fai do seu traballo -xa saben que eu vivo un pouco arredado de todo, pechadiño eiquí nesta casa que non digo que sexa a de todos vostedes non vaia ser o demo- por iso formularei a pregunta que entendo que o define e que aí lles queda: ¿cántos autores cren que hai neste momento, en todo o mundo, que utilicen calquer idioma que se lles poida ocorrer a vostedes, quen de erguer un monumento literario de tamana envargadura ó de Millán Picouto? Moi poucos. Velái, a maiores dos seus valores artísticos innegables, a grandeza do empeño, a elevación aplicada á nosa lingua, a egrexia distinción que fai da nosa alma colectiva, quen de soste tódolos rexistros das grandes dramaturxias que na historia teñen sido.

Entenderán agora que exprese o meu reverencial respecto, a miña admiración polo traballo silente, ben levado a ramo, e que formule a pregunta que vai implícita no texto. Cándo se lle ha recoñecer, valorar e agradecer todo isto en debida forma a Millán Picouto?

## EL PAÍS

13/11/2009

EL PAÍS, viernes 13 de noviembre de 2009

Luces

GALICIA

MILLÁN PICOUTO  
Escritor e dramaturgo

# “A clave do teatro é a palabra, o demais é competir co cine”

XAN CARBALLA

Alleo a modas, posuidor dunha obra poética e dramática sen parangón na literatura galega, Millán Picouto (Ourense, 1949) vén de completar o quinto dos seus libros de Ciclos (*Mercurio, Venus, Terra, Marte e Xúpiter*) que abranguen tres décadas de disciplina creativa. Antes de fin de ano sairá a súa propia tradución en castelán, tamén en Edicións Linteo. Despois seguirá avanzando nunha nova entrega do seu conxunto teatral, denominado *Macrocósmos*, cunha obra sobre o inca Atahualpa. Picouto tamén escribiu música para varios dos seus traballos.

**Pregunta.** Planifica polo miúdo a súa obra desde hai 30 anos e opera cos ciclos simbólicos dos planetas. Con que sentido?

**Resposta.** Está planificada pero vouna escribindo pouco a pouco. Todos os ciclos están unificados pola temática e os símbolos que a vertebran. Dentro da nosa cultura os planetas son símbolos da psique e da actividade humana. Xúpiter é tanto o patrón das asembleas populares como o deus da hospitalidade,

“Ingresei no galego toda a métrica grega e latina por primeira vez”

“Vivimos nun tempo minimalista, dun expresionismo rastreiro”

pero tamén do Estado e do Imperio. No *Ciclo de Xúpiter* ocúpome de figuras senlleiras da Antigüidade que pretendían crear un Estado e fracasaron (Vercinxeix, Xulio César, Pericles ou Aspasia). Son fiel á historia, e a poesía suple a ausencia de datos con proxeccións imaxinativas.

**P.** É teatro pero en verso.  
**R.** Trato de recuperar a poesía para o teatro. Non é que faga versos líricos, porque sería só un teatro para ler. O que se queire é que a obra estea ben organizada desde a palabra, a clave do teatro occidental. O actual teatro está descarreirado porque, querendo competir co cine, insiste nos elementos visuais, que só son vestimenta. De paso recupero o coro, a psicoloxía e unha historia ben contada. Opóñome radicalmente á desintegración imaxinativa que se practica nas artes e que produce verdadeiros mamarrachos, porque se vulneran as leis propias da creación artística que tratan de dar unha visión harmoniosa de perso-

naxes, sucesos ou momentos históricos. Uso a tradición combinándoo de maneira nova.

**P.** E que sentido ten a poesía para esa fin teatral?

**R.** Shakespeare é o primeiro que organiza as metáforas do seu tempo para vertebrar o discurso dramático. A palabra poética é a máis concisa, clara, rítmica e eufónica. Quero que o meu teatro sexa palabra creadora, e maiormente uso hendecasilabos modernos, non do Século de Ouro nin do neoclasicismo. Trato de crear, mediante a concentración dos símbolos e das palabras, unha realidade imaxinativa que chegue a dar conta dos conflitos humanos.

**P.** Por que apenas se representaron as súas obras?

**R.** O meu teatro está contra o espírito deste tempo. Foi unha beizón que non se representase. Hoxe calquera director de escena síntese superior a quen escribe e pensa que pode reformar a obra. Prefiro que destrúan a Shakespeare, que sítien a súa obra fóra do tempo, pero a mifa que non a toquen. Posibelmente non cheguemos a ver representacións satisfactorias do *Macbeth*, a *Orestíada* ou *O rei Lear*, pero estamos ben adestrados visualmente e entenderemos perfectamente as escenas a partir da palabra. Os discursos teatrais de hoxe non me interesan: palabras entrecortadas e berradas, superabundancia de xestos para expresar nada, derogación da unidade psíquica, desinterese polos personaxes.


**P.** Tróuxolle algunha dificultade o galego para unha obra desta ambición ou proba que todos os idiomas valen para todo?

**R.** Valen para todo o que se queira facer con eles. Sobre o galego abundan uns datos técnicos: as contraccións dos seus artigos e preposicións fai que as palabras menos significantes ocupen menos espazo e axuda á expansión dos substantivos, verbos e adxectivos que son as palabras que máis importan. O galego é unha marabilla. A maiores eu ingresei nel toda a métrica latina e grega por primeira vez.

**P.** Con que vontade?  
**R.** Buscaba formas rotundas e ritmadas e porque son palabras para cantar e danzar no teatro. O galego é tan plástico que funciona coa versificación grega, aínda que teñen unha acentuación cuantitativa e a nosa é de intensidade. Busco claridade expositiva que é onde a riqueza léxica aparece naturalmente.

**P.** As súas obras van de Atahualpa ao Imperio Romano, das sagas nórdicas a Prisciliano ou a Illa de Pascua.

**R.** O poeta e o dramaturgo está sempre fomento de argumentos. A historia, os mitos e os contos populares son materia



O dramaturgo Millán Picouto, en Ourense o pasado mes de outubro. / DIEGO LEMOS

na que te fixas. Se me interesa a destrución dos incas é porque me atrae o choque de grandes poderes. Son lector variado, de sagas, de historia e da actualidade. É un misterio por que escolles uns temas ou outros.

**P.** De que se ocupan os seus Ciclos?

**R.** Mercurio é mensaxeiro dos deuses e nese ciclo están perfilados todos os temas. O perfeccionamento humano no *Conto de Abril*, a construción do mundo en *Silvania e Fisterra*, a cobiza en *A peso de ouro*. Eses son temas nucleares e despois aparece o amor n'*A fada e o cabaleiro do Ciclo de Venus*; no *Ciclo da Terra* o principal é o ser humano en momentos históricos concretos; en *Triloxía da Illa de Pascua do Ciclo de Marte* fálase dun conflito cosmolóxico.

**P.** No terreo lírico só deu a coñecer os *Sonetos da lúa chea* e o *O poema dos Lustros*.

**R.** Hai tamén dúas obras inéditas, pero a poesía lírica doutra por acabada. A medida que

vivimos facémonos máis complexos e no meu caso expresarme a través de diferentes voces resultárame necesario. A poesía lírica ten convencións, limitábase á primeira e a terceira persoa.

**P.** A moitas das súas obras fíxolle tamén a música, logo abandonouno.

**R.** Escribo unha obra ao ano e facerlle música para unha representación que dura 60 minutos levaríame tres meses. Se non se van representar pode prescindir dela. Escribo con máis facilidade a música que versifico, pero a arte musical, con toda a súa sofisticación, é máis sinxela que a poética. A música ten doce notas e hai corenta mil palabras.

**P.** Sempre permaneceu á marxe da sociedade literaria.

**R.** Teño un carácter tendente á soidade. Pero a poesía dáme tanto traballo que non me queda tempo para as relacións sociais. Teño os meus amigos e a miña vida privada, e comunico-me coa miña obra. O que ten que facer o autor é escribir igual

que o ferreiro fai utensilios de ferro. A relación con outros ferreiros é accidental.

**P.** Os seus libros son alleos a toda moda.

**R.** Pero son accesíbeis a calquera amante da lectura. Quizais non coinciden co espírito do tempo. Se hoxe aparece alguén facendo sinfonías seralle moi difícil estrealas. Vivimos un tempo minimalista, a gran parte das veces dun expresionismo rastreiro, e perdeuse o discurso medio e alto da linguaxe.

**P.** Adhirose ao clasicismo nunha época na que a vangarda é sinónimo de calidade.

**R.** As vangardas son un fetiche da arte occidental. Moitas propostas que se consideran hoxe como tales son repeticións de algo xa realizado. En arte non toda innovación é válida. O minimalismo, quitarlle materia á arte, é unha marcha atrás. Estou con Blake cando dicía que exuberancia é beleza. Sempre miras para atrás porque o futuro non existe, só como impulso vital.